

Presentación do Proxecto Comenius Regio

"Échangeons notre échange scolaire" / "Intercambiemos o noso intercambio escolar"

O obxectivo das asociacións Comenius Regio é promover o desenvolvemento de actividades de cooperación entre autoridades activas no eido da educación en Europa e contribuír así a mellorar a súa oferta educativa. Este tipo de proxectos están concedidos cunha duración de dous anos académicos, neste caso ata xuño de 2014.

Neste caso, partindo da iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia, o tema son os intercambios e o seu fomento sendo o eixe central do proxecto o lanzamento dun protocolo de xestión deste tipo de actividades. A finalidade é a de dar un "marco legal" por parte da Consellería ós Intercambios que se levan a cabo en Galicia. Vaise recompilar, elaborar e mellorar a documentación pertinente para que estas actividades se fagan seguindo unhas pautas ademais de crear e ofrecer un modelo cun plataforma informática para fomentar este tipo de actividades educativas e facilitarlle o acceso a un meirande número de alumnado.

Ó abeiro deste proxecto, alumnas e alumnos do IESP Neira Vilas (Oleiros, A Coruña) e do IES Monte Neme (Carballo, A Coruña) participarán nun intercambio de estudos na Bretaña francesa.



Por parte galela, a asociación liderada pola Consellería de Educación inclúe a APFG (Asociación de Profesores de Francés de Galicia), o IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas de Oleiros e o IES Monte Neme de Carballo.

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vila incorporase ó proxecto como centro educativo con varios anos de experiencia previa na organización de intercambios escolares contribuíndo co seu saber facer. O desenvolvemento do intercambio durante o presente curso escolar vaise obxecto de observación e análise.

Por parte française, os socios son a Mairie de Vannes (Concello de Vannes), o Comité Bretagne Galice e o Collège Notre Dame Le Ménimur.

Do 14 ó 18 de outubro de 2012, celebrouse o primeiro encontro en Galicia. O grupo de visitantes que representan os socios bretóns estaba composto por as seguintes persoas:

Mairie de Vannes (Concello de Vannes)

- * Latifa Bakthous Ben Abdallah: Teniente de Alcade - Educación
- * Bénédicte Barre-Villeneuve : Responsable do servizo "Juventud"
- * Gaëlle Kervégant : Responsable do servizo "Educación"

Collège Notre Dame Le Ménimur (Vannes)

- * Catherine Le Blay: Profesora de Lingua Española

Comité Bretagne-Galice - Amigos de España

- * Pierre Joubin: Presidente



O proxecto conta cun blog: www.galiregio.blogspot.com

[Información na web da Consellería de Cultura, Educación e O.U.](#)

Échangeons notre échange scolaire!

Projet Comenius Regio



Octobre 2012

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



APEG
Asociación Profesional de
de Francés de Galicia



IES PLURILINGÜE
XOSÉ NEIRA VILAS

IES monte nene

VANNES

Bretagne - Galice / Breizh - Galiza
le Mémorial

Vannes Collège
Notre Dame
le Mémorial



DG Educación y Cultura

APEE

Programa de aprendizaxe permanentes